



**BORRADOR- PROPOSTA DE REFORMA DO
ESTATUTODE AUTONOMÍA DE GALICIA**

ESQUERDA UNIDA

TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓN XERAIS

TÍTULO I. DEREITOS E POLÍTICAS PÚBLICAS

Capítulo primeiro. Dereitos

Capítulo segundo. Políticas sociais públicas

Capítulo terceiro. Garantías

TÍTULO II. COMPETENCIAS

Capítulo primeiro. Clasificación e principios

Capítulo segundo. Competencias da Comunidade Autónoma

Capítulo terceiro. Participación e coordinación

TÍTULO III. ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

TÍTULO IV. ORGANIZACIÓN INSTITUCIONAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Capítulo primeiro. O Parlamento de Galicia

Capítulo segundo. Elaboración das normas

Capítulo terceiro. O Presidente da Xunta e o Consello da Xunta

Capítulo cuarto. A Administración da Xunta de Galicia

Capítulo quinto. Das relacións entre o Parlamento e o Consello da Xunta

TÍTULO V. O PODER XUDICIAL

TÍTULO VI. ECONOMÍA, EMPREGO, FINANCIAMENTO E FACENDA

Capítulo primeiro. Principios e obxectivos da política económica

Capítulo segundo. Políticas de emprego

Capítulo terceiro. Da contratación e subvención pública

Capítulo cuarto. As empresas e entes públicos galegos

Capítulo quinto. Das entidades financeiras de Galicia

Capítulo sexto. Participación e consulta da política económica

Capítulo sétimo. Financiamento da Comunidade autónoma de Galicia

Capítulo oitavo. Patrimonio e orzamento da Comunidade autónoma

Capítulo noveno. Das facendas locais

Capítulo décimo. Da fiscalización da xestión pública

TÍTULO VII. MEDIOS DE COMUNICACIÓN SOCIAL

TÍTULO VIII. MEDIO AMBIENTE

TÍTULO IX. RELACIÓN EXTERNAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Capítulo primeiro. Relacións con outras Comunidades Autónomas

Capítulo segundo. Relacións co Estado

Capítulo terceiro. Relacións coa Unión Europea

Capítulo cuarto. Relacións de carácter internacional

Capítulo quinto. Cooperación ao desenvolvemento

PREÁMBULO

En elaboración

TÍTULO PRELIMINAR

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1

1. A nación galega, como expresión da súa identidade histórica, constitúese en Comunidade Autónoma para o exercicio do seu autogoberno, non marco da Constitución española e co presente Estatuto, que é a súa norma institucional básica.

2. O Estatuto de Autonomía aséntase nos valores superiores de liberdade, igualdade, xustiza e pluralismo político para todos os galegos, no marco de igualdade e solidariedade coas demais Comunidades Autónomas do Estado.

3. Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan da Constitución, do presente Estatuto e do Pobo galego.

Artigo 2

O territorio de Galicia abrangue os municipios das actuais provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Artigo 3

1. A lingua propia de Galicia é o galego.

2. O galego é a lingua oficial de Galicia. Tamén o é o castelán. Todas as persoas en Galicia teñen o dereito de utilizar e o dereito e o deber de coñecer as dúas linguas oficiais. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego como lingua de uso normal e preferente en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e tamén como lingua normalmente utilizada como vehicular e de aprendizaxe no ensino. Así mesmo, disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

3. A Xunta e o Estado deben emprender as accións necesarias para o recoñecemento da oficialidade do galego na Unión Europea, e a presenza e a utilización do galego nos organismos internacionais e nos tratados internacionais de contido cultural ou lingüístico.

4. A Xunta debe promover a comunicación e a cooperación coas demais comunidades e os demais territorios que comparten patrimonio lingüístico con Galicia. A tales efectos, a Xunta e o Estado, segundo proceda, poden subscribir convenios, tratados e outros mecanismos de colaboración para a promoción e a difusión exterior do galego.

5. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

Artigo 4

1. Galicia utiliza como símbolo a bandeira branca cunha banda diagonal de cor azul que a atravesa desde o ángulo superior esquerdo ao inferior dereito.

2. O himno de Galicia está composto pola letra do poema “Os pinos” de Eduardo Pondal, e a música de Pascual Veiga.

3. O 25 de xullo é a Festa Nacional galega.

Artigo 5

A capital de Galicia é a cidade de Santiago, sede do Parlamento e do Goberno, sen prexuízo de que poida reunirse noutro lugar de Galicia de acordo co que establezan, respectivamente, o Regulamento do Parlamento e a Lei.

Artigo 6

1. Son galegos e galegas a efectos do presente Estatuto as persoas que, de acordo coas leis da Comunidade Autónoma, teñan vecindade en calquera dos municipios de Galicia.

2. Cos requisitos e condicións que determine a lei electoral, formarán parte do censo electoral galego as persoas residentes no estranxeiro que tivesen vecindade en Galicia, así como os seus descendentes.

3. As Comunidades galegas asentadas fóra de Galicia poderán solicitar o recoñecemento da identidade galega, entendida como o dereito a colaborar e compartir a vida do pobo galego; a lei regulará o alcance e contido de tal recoñecemento. A efectos de fomentar e fortalecer os vínculos coas Comunidades galegas no exterior, prestarlles a asistencia necesaria, e garantirlles o exercicio e defensa dos seus dereitos e intereses, a Comunidade Autónoma poderá, segundo corresponda, formalizar acordos coas institucións públicas e privadas dos territorios e países onde se atopen, ou instar do Estado a subscripción de tratados internacionais sobre estas materias.

Artigo 7

As leis e normas emanadas das institucións de autogoberno de Galicia terán eficacia no seu territorio, salvo que dispoñan o contrario ou se deduza da súa propia natureza.

Artigo 8

O dereito propio de Galicia, constituído polas leis e normas reguladoras das

materias de competencia exclusiva da súa Comunidade Autónoma, así como das que con tal carácter lle foron transferidas en virtude do Artigo 150.2 da Constitución, é o aplicable con preferencia a calquera outro no territorio galego.

Cando a competencia da Comunidade Autónoma consista no desenvolvemento ou regulamentación da lexislación do Estado, as normas ditadas por aquela serán de aplicación preferente a calquera outra de igual natureza e rango.

Artigo 9

1. Todos os galegos gozan dos dereitos, liberdades e deberes establecidos na Constitución e neste Estatuto.

2. Todas as persoas e galegas que viven en Galicia gozan dos dereitos recoñecidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos e demais instrumentos europeos e internacionais de protección dos mesmos, en particular nos Pactos Internacionais de Dereitos Cívís e Políticos e de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais; no Convenio Europeo de Dereitos do Home e Liberdades Fundamentais e na Carta Social Europea.

3. A Comunidade Autónoma garante o respecto ás minorías que residan nela e o mantemento dos seus dereitos, liberdades e deberes.

Artigo 10

1. Os poderes públicos de Galicia promoverá as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas; removerá os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e fomentará a calidade da democracia facilitando a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, cultural e social.

2. Os poderes públicos de Galicia garantirán a efectiva igualdade do home e da muller galegos, promovendo a democracia paritaria e a plena incorporación desta na vida social e superando calquera discriminación laboral, cultural, económica ou política.

3. Os poderes públicos de Galicia exercerán os seus poderes cos seguintes obxectivos básicos:

1º. A consecución do pleno emprego estable, seguro e de calidade en todos os sectores da produción e a especial garantía de postos de traballo para os colectivos máis.

2º. A loita contra a pobreza e a exclusión social.

3º. O acceso de todas as persoas a unha educación permanente e de calidade que lles permita a súa realización persoal e social.

4º. O afianzamento da conciencia de identidade e da cultura galega, a través da investigación, difusión e coñecemento do patrimonio histórico, antropolóxico, artístico e

5º. A defensa, promoción, estudio e prestixio da lingua galega.

6º. O aproveitamento e a potenciación dos recursos naturais, humanos e económicos, tendo como fundamentos o desenvolvemento sostible, o impulso do coñecemento, a promoción do investimento público e privado, así como a xusta redistribución da riqueza e a renda.

7º. A creación das condicións indispensables para facer posible o retorno dos galegos e galegas no exterior que o desexen, e para que contribúan ao benestar colectivo do pobo galego.

8º. Mellorar a calidade de vida dos galegos e galegas, mediante a protección da natureza e do medio ambiente, xunto co desenvolvemento dos equipamentos sociais, educativos, culturais e sanitarios, a dotación de infraestruturas modernas e un sistema eficaz de comunicacións.

9º. A consecución da cohesión territorial, a solidariedade e a converxencia entre os diversos territorios de Galicia, como forma de superación dos desequilibrios económicos, sociais e culturais e de equiparación da riqueza e o benestar entre toda a cidadanía, especialmente a que habita no medio rural.

10º. A converxencia co resto do Estado e da Unión Europea. A estes efectos, poderes públicos de Galicia manterán as necesarias relacións de colaboración co Estado e as demais Comunidades Autónomas, e defenderá os intereses galegos nos órganos da Unión Europea.

11º. O desenvolvemento industrial e tecnolóxico baseado na innovación, a investigación científica, as iniciativas públicas e privada e a avaliación da calidade en todos os procesos, no marco da incorporación de Galicia á sociedade do coñecemento.

12.º A reforma agraria integral, adecuada ás demandas da sociedade actual, que contemple a estrutura da propiedade da terra, as axudas financeiras, as novas tecnoloxías, a soberanía alimentaria, o incremento da agricultura ecolóxica e as canles de comercialización dos produtos agropecuarios.

13.º A integración social, económica, laboral e cultural das persoas migrantes en Galicia.

14.º O pluralismo político, social e cultural de Galicia a través dos medios de comunicación tanto públicos como privados.

15.º O recoñecemento da función relevante que cumpren as organizacións sociais,

Secretaría de Relacións Institucionais e Reforma do Estatuto - Comisión Executiva Nacional
económicas e cívicas de Galicia, e en particular da súa contribución ao diálogo social.

16.º O pleno respecto polas minorías que residan no seu territorio e en especial pola etnia xitana, promovendo as condicións necesarias para a súa plena integración.

17.º O fomento da paz, o diálogo entre os pobos e a cooperación internacional.

Artigo 11

Os poderes públicos de Galicia velarán polo coñecemento e mantemento da memoria histórica como patrimonio colectivo que testemuña a resistencia e loita polas liberdades da poboación galega. Para o recoñecemento e rehabilitación de toda a cidadanía que padeceron persecución pola defensa dos valores democráticos. Os poderes públicos adoptarán cantas iniciativas institucionais sexan necesarias; igualmente prestarán a súa asistencia ás institucións públicas e privadas entre cuxos fins se atope a defensa e recuperación da memoria histórica.

TÍTULO I

DEREITOS E POLÍTICAS SOCIAIS PÚBLICAS

CAPÍTULO PRIMEIRO

DEREITOS

Artigo 12

Galicia fundamenta o seu poder político no respecto e o desenvolvemento dos dereitos das persoas. Son titulares dos dereitos contidos neste capítulo os residentes en Galicia.

Artigo 13

1. Garántese o dereito á saúde mediante un sistema sanitario público, gratuíto, de calidade e universal.

2. Os galegos e galegas terán dereito á información e a obter unha asistencia médica de calidade.

3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o dereito a recibir tratamentos paliativos e unha morte digna.

Artigo 14

1. Todos teñen dereito a unha educación pública, gratuíta, laica e de calidade ao longo de toda a súa vida. Terá carácter compensatorio e estará orientada ao respecto dos

Secretaría de Relacións Institucionais e Reforma do Estatuto - Comisión Executiva Nacional
principios de liberdade, igualdade e solidariedade.

2. O dereito á educación inclúe, nos ciclos obrigatorios, a gratuidade dos libros de texto e o material curricular. Os poderes públicos galegos manterán un sistema de axudas para garantir a igualdade de oportunidades.

3. Os plans educativos de Galicia incorporarán o valor da igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos da vida política e social.

4. O sistema educativo galego fomentará a formación científica, investigadora e artística do alumnado.

Artigo 15

1. Todos teñen dereito de acceso á cultura en todas as súas formas e manifestacións, especialmente ao patrimonio cultural galego.

2. A lei garantirá uns contidos educativos e formativos mínimos nos medios de comunicación públicos.

3. A Xunta de Galicia tomará as medidas necesarias para facilitar ás persoas con menos recursos o acceso gratuíto a museos, bibliotecas e outros centros culturais.

Artigo 16

1. Todos teñen dereito de acceso e uso das novas tecnoloxías e a participar activamente na sociedade da información, a comunicación e o coñecemento.

2. Os poderes públicos garantirán a universalización das redes de comunicación de xeito gratuíto.

Artigo 17

1. Todos teñen dereito a un emprego digno e estable. Garántese o dereito a acceder ao emprego en condicións de igualdade. Os poderes públicos de Galicia garantirán o dereito á realización do traballo en condicións de seguridade e fomentarán as medidas que conduzan á erradicación da siniestralidade laboral.

2. Os traballadores teñen dereito a formarse, a acceder ao servizo público de emprego e a recibir no seu caso prestacións de desemprego, así como á información, consulta e participación na empresa.

3. Os poderes públicos de Galicia garantirán a corresponsabilidade do traballo reproductivo dos galegos e galegas.

Artigo 18

1. Os consumidores e usuarios teñen dereito á información e a seguridade e calidade dos bens e servizos, especialmente no ámbito alimentario.

2. A lei regulará os mecanismos de participación de consumidores e usuarios.

3. Unha lei galega establecerá o catálogo de dereitos do consumidor.

Artigo 19

1. Todos teñen dereito a participar plenamente nas decisións das Administracións Públicas que lles afecten e na xestión das instalacións e recursos públicos dos que sexan usuarios. As Administracións Públicas concernidas establecerán os mecanismos necesarios para facer realidade este dereito.

2. Todos teñen dereito a acceder libremente aos rexistros e arquivos públicos coas excepcións que establezan as leis por razóns de bens constitucionais, e o dereito a ser informado de xeito puntual e veraz polas Administracións Públicas de cantas actuacións lles afecten. Para o desenvolvemento deste dereito as Administracións Públicas publicarán periodicamente un catálogo de documentos de interese público.

Artigo 20

Recoñécese o dereito a unha renda básica para atender ou completar as necesidades esenciais dunha vida digna.

Artigo 21

Todos teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e axeitada. Garántese o acceso á vivenda de todas as persoas que residan en Galicia, mediante a promoción pública da mesma, o uso racional e debidamente ordenado do solo, e a adopción de cantas medidas eviten a especulación.

Artigo 22

Todos teñen dereito á libre opción sexual. Os poderes públicos galegos removerán cantos obstáculos impidan o seu exercicio.

CAPÍTULO SEGUNDO

POLÍTICAS SOCIAIS PÚBLICAS

Artigo 23

A Comunidade Autónoma de Galicia promoverá un sistema público de servizos sociais, e orientará as súas políticas públicas á superación das situacións de desigualdade e discriminación das persoas e grupos que poidan derivarse das súas circunstancias persoais ou sociais, ou de calquera forma de marxinação ou exclusión, para o que garantirá:

1º. A prestación de servizos públicos de calidade.

2º. A conciliación entre o traballo productivo e o reproductivo.

3º. Unha especial protección das persoas dependentes que lles permita gozar dunha digna calidade de vida. Garántese unha axuda a domicilio pública e gratuíta.

4º. Un sistema integral de atención e protección dos menores que asegure o interese superior do menor e o seu pleno desenvolvemento persoal e social.

5º. O acceso das persoas maiores a unhas condicións de vida digna e independente, asegurando a súa protección social e incentivando a súa participación na vida social, educativa e cultural da Comunidade.

6º. A autonomía e a integración social e profesional das persoas con discapacidade, incluíndo a utilización de linguaxes que permitan a comunicación aos discapacitados sensoriais.

7º. A emancipación e a integración da mocidade na vida social e laboral.

8º. A integración social, cultural, política e económica das persoas migrantes no marco do establecido nas leis.

9º. Un sistema público de aloxamento provisional para persoas en situación de necesidade.

CAPÍTULO TERCEIRO GARANTÍAS

Artigo 24

1. Os dereitos recoñecidos no capítulo primeiro do presente título vinculan a todos os poderes públicos en Galicia e, de acordo coa natureza de cada dereito, aos particulares. Na medida en que poden ser invocados ante os tribunais de xustiza, gozan de todas as garantías xurisdiccionais fronte ás intromisións nos mesmos, incluso as contidas en leis galegas.

2. A cidadanía poderá demandar ante os tribunais a tutela dos dereitos referidos no parágrafo anterior. As disposicións ditadas polos poderes públicos de Galicia deben

Secretaría de Relacións Institucionais e Reforma do Estatuto - Comisión Executiva Nacional
respectalos e han de interpretarse e aplicarse no sentido máis favorable á súa plena efectividade.

3. Os dereitos contidos no capítulo segundo orientarán a acción pública galega. Serán nulos os actos executivos ou normativos de calquera rango aprobados en Galicia que contrarien estes dereitos ou dificulten a súa plenitude.

Artigo 25

Unha lei do Parlamento de Galicia regulará o catálogo de prestacións e servizos que se garanten en relación cos dereitos comprendidos no presente título.

Artigo 26

1. Sen prexuízo da institución prevista no Artigo 54 da Constitución, e da coordinación coa mesma, a Lei regulará a figura do Valedor do Pobo, como Comisionado do Parlamento para a defensa dos dereitos comprendidos na Constitución e neste Estatuto.

2. No exercicio das súas competencias poderá, entre outras actuacións, supervisar a actividade das Administracións Públicas galegas.

3. O Valedor do Pobo, no cumprimento da misión que ten encomendada, poderá dirixirse ás autoridades, institucións e organismos de todas as Administracións Públicas con sé en Galicia.

4. O Valedor do Pobo será designado por acordo das tres quintas partes dos membros do Parlamento, por un período de cinco anos entre persoas de recoñecido prestixio profesional e social.

5. O Valedor do Pobo e os seus Adxuntos gozarán, no exercicio do seu cargo, das garantías que se outorgan aos Deputados do Parlamento de Galicia.

TÍTULO II

COMPETENCIAS

CAPÍTULO PRIMEIRO

CLASIFICACIÓN E PRINCIPIOS

Artigo 27. Clasificación das competencias

1. Galicia, no marco da Constitución, poderá asumir e exercer as competencias que lle correspondan para o pleno exercicio do seu dereito ao autogoberno.

As competencias atribuídas á Comunidade Autónoma polo presente Estatuto poderán ser:

a) Exclusivas de Galicia, nas que a lexislación, a potestade regulamentaria e a execución corresponden unicamente á Comunidade Autónoma, co límite do Artigo 149.1.1 da Constitución.

b) Compartidas co Estado, cando a este corresponda a lexislación básica. En tales casos Galicia manterá a potestade lexislativa necesaria para o desenvolvemento de políticas propias, así como as facultades necesarias para o seu desenvolvemento e execución.

c) Executivas, para o desenvolvemento da normativa estatal. Nelas os poderes públicos de Galicia terán potestade regulamentaria e de execución.

2. En todo caso a Comunidade Autónoma poderá exercer, mediante acordo ou convenio, facultades de inspección e sanción respecto de competencias estatais ou compartidas executadas polo Estado en Galicia, nos termos que se acorden.

Artigo 28. Principio de territorialidade

1. O exercicio das competencias autonómicas vén referido ao territorio de Galicia, salvo nos casos en que expresamente se indique o contrario.

2. Nos casos nos que o obxecto das competencias se desenvolva parcialmente fóra de Galicia, exerceranse sobre a parte do mesmo situada en Galicia, establecendo os mecanismos de colaboración necesarios co resto de entes territoriais afectados.

Artigo 29. Principios de eficacia, proximidade e coordinación

Todas as actuacións en materia competencial rexeranse polos principios de eficacia, proximidade e coordinación entre as administracións responsables. Tenderase a obxectivos de administración única e, con carácter xeral, ao establecemento de servizos de portelo único.

CAPÍTULO SEGUNDO

COMPETENCIAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Artigo 30. Competencias exclusivas

Correspóndelle a Galicia a competencia exclusiva nas seguintes materias:

1. Organización e estrutura das súas institucións de autogoberno, así como as normas e procedementos electorais para a súa constitución.

2. Organización e estrutura dos seus organismos autónomos e demais entes instrumentais.

3. Réxime local, sen prexuízo do que dispón o número 18 do apartado 1 do Artigo 149 da Constitución. Creación e alteración dos termos dos municipios e outros entes locais de Galicia.

4. Procedemento administrativo derivado das especialidades da organización propia da Comunidade Autónoma. Estrutura e regulación dos órganos administrativos galegos públicos e dos seus organismos autónomos.

5. Lexislación civil, na medida en que sexa necesaria para o desenvolvemento das súas competencias.

6. Fomento do desenvolvemento económico galego, no marco da política económica estatal. Reserva ao sector público de recursos ou servizos esenciais, especialmente en caso de monopolios, e intervención de empresas cando o esixa o interese xeral. Mercados de valores e centros de contratación.

7. Bens de dominio público e patrimoniais cuxa titularidade corresponda á Comunidade Autónoma, así como as servidumes públicas en materia da súa competencia.

8. Augas e obras hidráulicas, incluídas a regulación e ordenación dos recursos hidráulicos cuxas augas discorran polo territorio da Comunidade Autónoma. En todo caso, Galicia asume a competencia exclusiva sobre a Confederación hidrográfica do Miño e os seus organismos de regulación.

Augas subterráneas, minerais e termares. Aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos do seu interese.

9. Agricultura e gandería no marco da ordenación xeral da economía.

10. Réxime xurídico das asociacións e fundacións que teñan o seu domicilio ou desenvolvan a súa actividade total ou maioritariamente en Galicia.

11. Organización e regulación das Caixas de Aforro e cooperativas de crédito con domicilio en Galicia.

12. Ordenación administrativa da actividade comercial, incluídas as feiras e mercados interiores. En todo caso Galicia será competente para a regulación dos horarios comerciais e das condicións e requisitos administrativos necesarios para exercer a

actividade económica. Feiras internacionais que se celebren no seu territorio.

13. Consumo. Protección dos consumidores e usuarios.

14. Sanidade e hixiene. Control sanitario e alimentario.

15. Organización e funcionamento das sociedades cooperativas que teñan o seu domicilio ou desenvolvan a súa actividade total ou maioritariamente en Galicia. Mutuas non integradas na Seguridade Social e demais entidades de economía social.

16. Regulación do funcionamento e control dos colexios profesionais e outras corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, incluídas Cámaras de comercio e outras de natureza análoga.

17. Regulación, control, fomento e planificación das actividades artísticas e culturais e da Artesanía.

18. Protección e difusión do patrimonio cultural de Galicia en todas as súas manifestacións. Patrimonio monumental de interese para a Comunidade Autónoma.

19. Arquivos, museos bibliotecas e demais coleccións de natureza análoga que non sexan de titularidade estatal. Conservatorios e Centros de Belas Artes de interese para a Comunidade Autónoma.

20. Denominacións de orixe e mencións xeográficas e indicios de calidade.

21. Organización do ensino non universitario.

22. Formación profesional ocupacional e continua. Políticas activas de emprego.

23. Protección civil e salvamento marítimo.

24. Deporte e lecer. Espectáculos e actividades recreativas.

25. Organización e planificación do sistema de estatística de Galicia.

26. Organización e ordenación da función pública galega, incluídos o réxime estatutario e o do persoal laboral ao servizo das Administracións públicas de Galicia.

27. Planificación, ordenación e xestión da vivenda.

28. Réxime de acolleita e integración das persoas migrantes en Galicia

29. Industria. Instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía, cando este transporte non salga de Galicia.

30. Infraestrutura e rede viaria. Portos, aeroportos e heliportos situados en Galicia e que non se declaren de interese xeral, coas potestades tributarias e tarifarias vinculadas a iso. Portos de refuxio, portos e aeroportos deportivos e, en xeral, os que non desenvolvan actividades comerciais.

31. Casinos, xogos e apostas, salvo as que constitúen fonte da Facenda estatal.

32. Políticas de mocidade, incluídos plans de fomento da participación e a xestión de instalacións destinadas á mocidade.

33. Regulación, planificación e xestión de todos os espazos naturais e declaración de figuras de protección de réxime propio.

34. Pesca en augas interiores, o marisqueo e a acuicultura, a caza e a pesca fluvial e lacustre. Ordenación do sector pesqueiro.

35. Montes, aproveitamentos e servizos forestais, vías pecuarias, marismas, lagoas e humedais, pastos, espazos naturais protexidos e tratamento especial de zonas de montaña, sen prexuízo do disposto no número 23, apartado 1 do Artigo 149 da Constitución.

36. Radiotelevisión de Galicia, incluídas as bases da televisión local galega.

37. As obras públicas de interese para a Comunidade Autónoma de Galicia cuxa realización non afecte a outra Comunidade Autónoma, e sempre que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado.

38. Ordenación do territorio e o litoral. Urbanismo e vivenda. Incluídos o deseño e a aplicación de políticas de planificación do territorio e a regulación da xestión do dominio público marítimo terrestre, así como o réxime do chan, sen prexuízo das competencias estatais para garantir o principio de igualdade.

39. Políticas de xénero.

40. Promoción e defensa da competencia, incluída a creación dun Tribunal Galego de Defensa da Competencia.

41. Publicidade.

42. Centros e estruturas de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica. Academias con sé central en Galicia

43. Entidades relixiosas que leven a cabo a súa actividade en Galicia.
44. Organización e xestión de centros e servizos sanitarios. Réxime e formación do persoal que presta servizos na sanidade galega. Ordenación farmacéutica.
45. Réxime e control do persoal e as empresas de seguridade privada.
46. Creación, organización e mando dun corpo de policía galego. Ordenación e coordinación das policía locais. Vixilancia e protección dos seus edificios e instalacións.
47. Servizos sociais, incluído o control dos recursos de protección social privados, que só poderán ser complementarios, e institucións públicas de protección e tutela de colectivos sociais necesitados de especial protección. Orientación e planificación familiar. Asistencia social e voluntariado.
48. Protección e tutela de menores, incluídas as institucións dedicadas aos menores en situación de risco e desamparo.
49. Promoción da infancia e a terceira idade. Desenvolvemento comunitario.
50. Ferrocarrís, estradas e camiños cuxo itinerario se desenvolve integramente en territorio galego, con independencia da titularidade da infraestrutura. Transporte desenvolvido por estes medios, por vía fluvial, marítima ou por cable. Incluída a potestade tarifaria.
51. Promoción e ordenación do turismo e dos servizos turísticos.
52. Réxime xurídico, organización e creación das universidades. Réxime do seu persoal. Regulación do sistema de becas.
53. Control e uso dos mecanismos e soportes de videovixilancia, control de son e gravacións no ámbito público ou privado.
54. As restantes materias que con este carácter, e mediante lei orgánica, sexan transferidas polo Estado.

Artigo 31. Competencias compartidas

1. No marco da lexislación básica do Estado, Galicia asume competencias compartidas, entre outras, sobre as seguintes materias:

- a) Planificación xeral da actividade económica
- b) Ordenación do crédito, banca e seguros

- c) Sanidade
- d) Contratos e concesións administrativas
- e) Réxime de responsabilidade da Administración da Comunidade Autónoma
- f) Protección do medio ambiente
- g) Réxime mineiro e enerxético
- h) Réxime dos medios de comunicación social
- i) Dereito á educación
- j) Protección de datos de carácter persoal, así como a adopción de medidas específicas para velar pola súa aplicación
- k) As restantes materias que con este carácter lle sexan atribuídas

2. No exercicio destas competencias Galicia poderá establecer políticas propias, como expresión da súa autonomía política. A lexislación galega nestas materias dictarase no respecto ás competencias constitucionalmente establecidas.

Artigo 32. Facultades de execución e xestión

Corresponden á Comunidade Autónoma galega, entre outras, as seguintes facultades de execución e xestión:

1. A execución da lexislación laboral por medio dos seus organismos propios
2. A execución dos servizos da Seguridade Social.
3. A xestión da protección do medio ambiente, incluída a aprobación de normas adicionais de protección.
4. A xestión e execución da lexislación sobre medios de comunicación social.
5. A xestión dos museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal.
6. A execución da lexislación penitenciaria.
7. A execución da lexislación sobre propiedade intelectual e industrial.

8. A execución da lexislación sobre pesas e medidas.

9. A execución da lexislación sobre produtos farmacéuticos, selección e rexistro de medicamentos.

10. Metroloxía e contraste de metais.

11. Zonas marítimo-terrestres, costas e praias.

12. As restantes que con tal carácter lle sexan atribuídas

Artigo 33. Competencias delegadas

1. Galicia asume, segundo o establecido na Disposición Adicional Da.1, competencias sobre as seguintes materias:

1.
 - Autorización para a convocatoria de consultas populares.
 - Xestión, liquidación e recadación de tributos estatais a través da Axencia Tributaria Galega.
 - Museos, bibliotecas e arquivos de titularidad estatal.
 - Portos e aeroportos de interese xeral.
 - Servizo meteorolóxico.
 - Telecomunicacións.
- Tráfico e circulación de vehículos a motor. Seguridade vial.
- Inspección de Traballo.
- Institucións penitenciarias.

2. Igualmente, no marco da Disposición Adicional DA1, Galicia asume as facultades inherentes ao exercicio da súa autonomía en relación coas seguintes materias:

- Comercio exterior con orixe ou destino en Galicia.
- Control do espazo aéreo galego, tránsito e transporte aéreo con orixe ou destino en Galicia.
- Expropiación forzosa.
- Xestión da rede de ferrocarrís estatais.
- Iluminación de costas e sinalización marítima.
- Migración e estancia de estranxeiros.
- Mariña mercante con orixe ou destino en Galicia.
- Obras públicas de interese xeral.
- Pesca marítima cando a orixe ou ataque dos barcos teña lugar en Galicia.

Artigo 34. Actividade económica, comercio, consumo, artesanía e industria

1. Corresponde á Comunidade Autónoma a planificación económica no marco dos obxectivos da planificación xeral do Estado

2. Galicia terá competencia exclusiva na ordenación e promoción da súa actividade económica, así como a planificación de cada un dos sectores produtivos.

3. Corresponde a Galicia a ordenación administrativa da actividade comercial, incluídas as feiras e mercados interiores. En todo caso Galicia será competente para a regulación dos horarios e calendarios comerciais e das condicións e requisitos administrativos necesarios para exercer a actividade económica, así como a regulación e autorización de grandes superficies comerciais.

4. Corresponde a Galicia a competencia exclusiva en materia defensa dos dereitos de consumidores, regulación do arbitraje, información e educación no consumo e aplicación de reclamacións.

5. Corresponde a Galicia a competencia compartida en planificación industrial, a exclusiva na súa propia planificación sectorial e a de execución en todos os plans destinados a sectores industriais ou obxectivo de reindustrialización, así como a comarcas deprimidas ou en crise.

6. Corresponden á Comunidade Autónoma as competencias exclusivas en materia de fomento, regulación e desenvolvemento das actividades e empresas de artesanía.

7. Corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva de promoción da competencia e a creación dun Tribunal de Galicia de Defensa da Competencia. Galicia exercerá competencias compartidas en todas aquelas materias estatais que lle afecten.

Artigo 35. Agricultura, gandería e pesca. Aproveitamentos forestais. Denominacións de orixe

1. Corresponde a Galicia, salvo a competencia compartida sobre a planificación xeral do sector, a competencia exclusiva en materia de agricultura e gandería, que de forma especial inclúe:

a) a reforma, regulación e desenvolvemento da agricultura, gandería, sector agroalimentario e servizos vinculados a estes sectores

b) a regulación da calidade, a loita contra a fraude, a ordenación dos procesos de produción, estruturas agrarias e réxime xurídico

c) as sementes, plantacións e rexistro das mesmas

d) o desenvolvemento integral e a protección do medio rural

e) a investigación, a transferencia tecnolóxica e a promoción exterior

f) as denominacións de orixe e mencións xeográficas e outros distintivos de calidade.

2. Corresponde a Galicia a xestión das terras públicas de titularidade estatal, de acordo cos protocolos que se establezan.

3. Corresponde a Galicia a competencia exclusiva en materia de ordenación do sector pesqueiro, sen limitacións polo que afecta ás augas interiores e fluviais e coa excepción da competencia compartida sobre a planificación do resto do sector. As competencias da Comunidade Autónoma inclúen en todo caso:

a) a ordenación, seguridade, rexistro, lonxas e organizacións do sector

b) o Instituto Social da Mariña

c) a regulación do marisqueo, a acuicultura, o mergullo profesional e as actividades de recreo.

3. Corresponde á Comunidade Autónoma a regulación da caza, a vixilancia e o uso e aproveitamento dos recursos cinexéticos.

Artigo 36. Auga, enerxía e minas

1. En materia de augas corresponde a Galicia, como competencia exclusiva, o seguinte:

a) as augas e obras hidráulicas, incluídos a regulación e ordenación dos recursos hidráulicos que discorran polo territorio da Comunidade autónoma. En todo caso, Galicia asume a competencia exclusiva sobre a confederación hidrográfica do Miño e os seus organismos de regulación.

b) as augas subterráneas, minerais e termais

c) a participación dos usuarios e usuarias, a garantía do abastecemento, a regulación parcelaria e as obras de rego

d) todas as facultades de policía do dominio público hidráulico

2. En materia de enerxía a Comunidade Autónoma exerce as competencias exclusivas en materia de fomento e xestión das enerxías renovables e da eficiencia enerxética, e compartidas sobre a regulación das actividades de produción, depósito e

transporte así como na autorización, inspección e control. De forma efectiva executará, e no seu caso establecerá, as normas de calidade dos servizos de abastecemento. Así mesmo Galicia participará nos procedementos de autorización de instalacións de produción e transporte de enerxía e de redes de abastecemento, así como nos procesos de designación do xestor de rede.

3. Corresponde á Comunidade Autónoma, como competencia compartida, a regulación e control das minas, os recursos mineiros e as actividades extractivas.

Artigo 37. Asociacións, fundacións, cooperativas e economía social

1. Corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre o réxime xurídico das asociacións e fundacións que teñan o seu domicilio ou desenvolvan a súa actividade total ou maioritariamente en Galicia. A competencia inclúe en todo caso as seguintes materias: denominación; finalidades; requisitos de constitución, modificación e extinción; contido dos estatutos; órganos de goberno; dereitos e deberes dos seus membros; distribución e réxime de aplicación dos beneficios fiscais e declaración de utilidade pública; rexistro.

2. Galicia asume a competencia exclusiva en materia de cooperativas que teñan o seu domicilio ou desenvolvan a súa actividade total ou maioritariamente no seu territorio. A devandita competencia inclúe a organización e funcionamento das cooperativas, así como a regulación e fomento do movemento cooperativo.

3. Corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre o fomento e regulación da economía social.

Artigo 38. Crédito, banca, seguros e mutualidades

1. En materia de ordenación do crédito, banca, seguros e mutualidades non integradas na Seguridade Social, Galicia asume as seguintes competencias:

a) exclusiva sobre a organización e funcionamento das mutualidades de previsión social, entidades xestoras de plans e fondos de pensións e outras mutualidades non integradas na Seguridade Social que teñan o seu domicilio ou desenvolvan a súa actividade total ou maioritariamente no seu territorio

b) compartida sobre a organización e funcionamento dos intermediarios financeiros que non sexan caixas de aforro, cooperativas de crédito e entidades que actúan no mercado asegurador, sempre que teñan o seu domicilio ou desenvolvan a súa actividade total ou maioritariamente en Galicia

c) compartida en materia de disciplina, inspección e sanción das entidades mencionadas, de conformidade cos principios e regras establecidos na lexislación básica respecto diso.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma, en materia de caixas de aforro e entidades cooperativas de crédito con domicilio en Galicia, a competencia exclusiva sobre a regulación da súa organización, que inclúe en todo caso: órganos rectores e estatuto dos seus membros; formas de representación dos diferentes intereses sociais; réxime de creación, fusión e liquidación; regras de actuación e rexistro. Asume igualmente competencias compartidas, de conformidade coa lexislación básica do Estado sobre ordenación do crédito e política monetaria, sobre a actividade financeira, disciplina, inspección e sanción das caixas de aforro.

Artigo 39. Cultura e medios de comunicación

1. Corresponde a Galicia, salvo o disposto no apartado 2, a competencia exclusiva en materia de cultura, que comprende en todo caso: a regulación e execución de medidas sobre produción, distribución e condicións de venda de libros e publicacións periódicas en calquera soporte; xestión do depósito legal e outorgamento de códigos de identificación; regulación e inspección de salas de exhibición cinematográfica; medidas de protección da industria cinematográfica; cualificación das películas e materiais audiovisuais; equipamentos culturais; medidas fiscais de incentivo das actividades culturais; regulación e execución de medidas dirixidas a garantir o enriquecemento e difusión do patrimonio cultural de Galicia e a facilitar o seu acceso; medidas de inspección, inventario e restauración do patrimonio arquitectónico, científico, técnico, histórico, artístico, etnolóxico e cultural en xeral; réxime xurídico das actuacións sobre bens mobles e inmobles integrantes do patrimonio cultural galego e a determinación do réxime xurídico, declaración e xestión dos bens inmobles.

2. Galicia asume competencias executivas sobre os museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal situados no seu territorio, o que comprende, en todo caso, a regulación do funcionamento, a organización e o réxime do seu persoal.

3. Corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre a prestación do servizo público da radiotelevisión galega, así como o establecemento dos principios básicos relativos aos servizos públicos de comunicación de ámbito local, sen prexuízo da autonomía local. Asume igualmente a competencia compartida sobre a regulación e control dos servizos de comunicación audiovisual en xeral.

Artigo 40. Educación

1.- Corresponde á Galicia a competencia exclusiva en materia de ensino non universitario. Respecto dos ensinos obrigatorios e non obrigatorios correspóndenlle en todo caso a programación; a creación de centros públicos; a súa organización, réxime e inspección; o réxime de becas e axudas; a avaliación; a garantía de calidade do sistema educativo; a formación do persoal docente; as materias relativas ao coñecemento da cultura galega; as actividades e servizos complementarios e extraescolares, e a organización dos ensinos non presenciais e semipresenciais. Así mesmo, Galicia ten

competencias exclusivas sobre os ensinos non universitarios que non conduzan á obtención dun título académico e profesional estatal e o control e xestión dos centros privados sostidos con fondos públicos.

2. Corresponde a Galicia, como competencia compartida, o establecemento dos plans de estudio, os criterios de admisión do alumnado, a ordenación do sector e da actividade docente, os requisitos dos centros, a adquisición e perda da condición de funcionario ou funcionaria docente.

3. Galicia ten competencias de execución nas demais materias educativas non universitarias.

4. En relación co ensino universitario, a Comunidade Autónoma, sen prexuízo da autonomía universitaria, ten competencias exclusivas respecto da programación e coordinación do sistema universitario; a creación de universidades; o seu réxime e funcionamento; o financiamento, regulación e distribución dos fondos universitarios; a regulación e xestión de becas e axudas, e o réxime retributivo do persoal docente e investigador. Exercerá competencias de execución na expedición e homologación de títulos universitarios, e compartidas no resto das materias.

Artigo 41. Emprego e seguridade social

1. Corresonden á Comunidade Autónoma como competencia exclusiva as políticas activas de emprego, que inclúen tamén as actividades de formación e fomento, así como a intermediación laboral, a regulación, autorización e control das axencias de colocación.

2. Corresponde a Galicia como competencia exclusiva a prevención de riscos laborais e seguridade no traballo, así como o labor de control, avaliación e inspección

3. Corresponde á Comunidade Autónoma o control, a legalidade e rexistro dos convenios colectivos de empresas que desenvolvan a súa actividade principalmente en Galicia, ou de sectores que non excedan o ámbito galego.

4. En materia de Seguridade Social corresponden á Comunidade Autónoma as competencias executivas que se determinen en aplicación da lexislación estatal.

Artigo 42. Estatística, rexistros públicos e notariado

1. Corresponde a Galicia a competencia exclusiva en materia estatística, así como a xestión e organización dun sistema estatístico propio.

2. En materia de rexistros propios corresponde a Galicia: as competencias executivas en nomeamento de notarios e rexistradores, a inspección e o establecemento de demarcacións notariais e rexistrais; a competencia executiva en materia de rexistro civil; a xestión dos protocolos notariais, rexistros da propiedade, mercantís e civís.

Artigo 43. Medio Ambiente, espazos protexidos e sostenibilidade

1. Corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de regulación, declaración de figuras de protección, delimitación, planificación e xestión de espazos e hábitats protexidos, incluíndo os Parques estatais. Así mesmo recoñécese á Comunidade Autónoma a competencia para establecer normas adicionais de protección medioambiental.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma a competencia compartida en materia de regulación de recursos naturais, residuos, instalacións ou depósitos radioactivos, vertidos, contaminación, emisión de gases e fiscalidade ecolóxica.

3. Corresponde a Galicia a competencia exclusiva respecto dos servizos meteorolóxicos e climatolóxicos.

4. Corresponde á Comunidade Autónoma a competencia de creación, organización e dirección dos corpos específicos de control, vixilancia e protección ambiental.

Artigo 44. Organización territorial e réxime local

1. Corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de organización territorial polo que respecta á creación de comarcas e outros entes territoriais. Así mesmo, corresponde a Galicia a creación, supresión e alteración de entes locais, a súa denominación e símbolos.

2. Corresponde a Galicia a competencia exclusiva en materia de réxime local, a determinación de novas competencias provenientes da Comunidade Autónoma, a regulación das actividades atribuídas, a relación coas Administracións locais e o réxime de prestación de servizos públicos.

Artigo 45. Políticas de xénero e mocidade

1. Corresponde á Comunidade a competencia exclusiva en materia de promoción da igualdade de homes e mulleres en todos os ámbitos sociais, laborais, económicos ou representativos. Atribúese expresamente á Comunidade a facultade de dictar normativas propias ou de desenvolvemento nesta materia.

2. Corresponde a Galicia a competencia compartida en materia de loita contra a violencia de xénero, a planificación de actuacións e a capacidade de avaliación e proposta ante a administración central.

3. Corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de promoción do desenvolvemento persoal e social das mozas así como as actividades de fomento ou normativas dirixidas a conseguir o completo acceso destas ao traballo, a vivenda, e a completa formación profesional.

Artigo 46. Migración

1. Corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de acolleita e integración das persoas inmigradas en todos os ámbitos.

2. Recoñécense competencias compartidas en materia de tramitación e resolución de permisos e autorizacións de traballo. Así mesmo, a Comunidade Autónoma participará na regulación da inmigración.

Artigo 47. Saúde, sanidade e farmacia

1. Corresponde a Galicia a competencia exclusiva sobre a creación, organización, funcionamento, avaliación, inspección e control de centros e establecementos sanitarios, así como a formación e réxime estatutario do persoal sanitario público

2. Corresponde a Galicia a competencia compartida en materia de saúde, sanidade e farmacia en todo o que afecta ao desenvolvemento da lexislación básica estatal

3. Corresponde a Galicia a execución da lexislación estatal en materia de produtos farmacéuticos, autorización dos centros de elaboración de produtos farmacéuticos e selección e rexistro de medicamentos.

Artigo 48. Seguridade pública e privada e protección civil

1. Corresponde a Galicia, en materia de seguridade pública, a competencia exclusiva sobre: a definición e regulación dun sistema de seguridade propio de Galicia; a creación, organización e mando da Policía da Comunidade Autónoma de Galicia; e a ordenación xeral e coordinación das policía locais.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma a competencia executiva en materia de seguridade cidadá, orde pública e protección dos dereitos fundamentais, o que inclúe en todo caso: as funcións gubernativas sobre o exercicio dos dereitos de reunión e manifestación; expedición de documentación oficial, incluíndo pasaporte e documentos de identidade; protección e loita contra a fraude fiscal; réxime de tenencia e uso de armas, municións e explosivos, adquisición dos mesmos con destino aos corpos policiais e expedición das correspondentes licenzas; cumprimento das disposicións para a conservación da natureza, o medio ambiente e os recursos hidrolóxicos.

3. Galicia participa, mediante unha Xunta de Seguridade de composición paritaria e presidida pola Xunta de Galicia, na coordinación das políticas de seguridade e da actividade dos corpos policiais do Estado e de Galicia, no intercambio de información no ámbito internacional e nas relacións de colaboración e auxilio coas autoridades policiais doutros países. Galicia incorporará representantes en todas as delegacións e grupos de colaboración coas policía doutros países en que participe o Estado.

4. A Policía da Comunidade Autónoma de Galicia ten como ámbito de actuación o conxunto do territorio de Galicia, e exerce as funcións propias dun corpo de policía xeral

e integral nos seguintes ámbitos: seguridade cidadá e orde pública; policía administrativa, que inclúe a derivada da norma estatal; policía xudicial e investigación criminal, que inclúe a investigación das diversas formas de crime organizado e terrorismo; control e vixilancia do tráfico.

5. Corresponde a Galicia a competencia exclusiva sobre a seguridade privada, que inclúe en todo caso: regulación e réxime de intervención administrativa das empresas de seguridade e o seu persoal; regulación e réxime de intervención administrativa das persoas físicas que exercen funcións de seguridade e investigación privadas; requisitos e condicións dos establecementos e das persoas físicas ou xurídicas obrigados a adoptar medidas de seguridade; formación do persoal que exerce funcións de seguridade e investigación privadas; inspección e control das actividades de seguridade privada; coordinación dos servizos de seguridade e investigación privadas cos corpos policiais.

6. Galicia asume a competencia exclusiva en materia de protección civil, que inclúe a regulación, planificación e execución de medidas relativas a urxencias e seguridade civil, así como a dirección e coordinación dos servizos de protección civil e prevención e extinción de incendios, sen prexuízo das facultades da Administración local respecto diso. Asume igualmente a execución da lexislación estatal en materia de seguridade nuclear e salvamento marítimo.

Artículo 49. Servizos sociais

1. Corresponde á Comunidade Autónoma a creación, organización e xestión dunha rede pública de servizos sociais na que se integrarán os recursos provenientes da Administración central do Estado que se determinen.

2. Corresponde á Comunidade Autónoma a regulación e ordenación dos servizos sociais públicos e privados, así como a determinación de prestacións económicas con finalidade asistencial ou complementarias doutros sistemas de protección pública.

3. Corresponde a Galicia a competencia exclusiva en materia de voluntariado.

4. Corresponde á Comunidade Autónoma a protección de menores, con competencias compartidas no desenvolvemento da lexislación estatal.

5. Corresponde a Galicia a xestión de Institucións penitenciarias e as competencias executivas respecto ao sistema penitenciario, especialmente o desenvolvemento de actividades de reinserción.

Artículo 50. Transportes e comunicacións

1. Corresponde a Galicia a competencia exclusiva sobre portos, aeroportos e heliportos que non teñan cualificación de interese xeral por lei do Estado.

2.- Corresponde a Galicia a competencia exclusiva sobre o transporte por estrada

e ferrocarril que transcorra integramente polo seu territorio, tanto das infraestructuras como da súa ordenación, así como as competencias executivas en canto ao transporte que, tendo a súa orixe en Galicia, exceda o límite da Comunidade Autónoma. Correspóndelle igualmente a competencia exclusiva sobre centros loxísticos e operadores de transporte e distribución en Galicia.

3.- Corresponde a Galicia a competencia compartida co Estado, en materia ferroviaria e de infraestructuras por ferrocarril, coa participación na planificación e na xestión das infraestructuras do Estado. Dita xestión inclúe, en todo caso, a explotación, coordinación, conservación e administración das infraestructuras, que teñan como centro e destino a Comunidade Autónoma.

4. Corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de transporte marítimo entre cidades galegas e o transporte fluvial.

Artigo 51. Turismo e deporte. Xogo e lecer

1. Corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de fomento do turismo, regulación, promoción interna e externa así como a xestión de recursos.

2. Corresponde á Comunidade a competencia exclusiva en materia de deportes e actividades de tempo libre, o que inclúe a planificación, coordinación, fomento destas actividades, así como a regulación e declaración de utilidade de entidades deportivas e a creación da selección galega nas diferentes disciplinas deportivas.

3. Corresponde a Galicia a competencia compartida en materia de titulacións e exercicio das profesións deportivas e as derivadas da aplicación das leis básicas nesta materia.

4. Corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de xogos, apostas e casinos que se realicen en Galicia. Esta capacidade inclúe a creación, autorización, o control e o réxime fiscal específico.

5. Corresponde a Galicia a competencia exclusiva en materia de espectáculos e actividades recreativas, incluíndo a autorización seguridade e control.

Artigo 52. Vivenda, solo, ordenación do territorio e obras públicas

1. Corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de vivenda, que inclúe a planificación, lexislación, fomento, promoción pública de vivendas, regulación do patrimonio público de solo, inspección e control de normas técnicas de habitabilidade e condicións de infraestructuras.

2. Corresponde a Galicia a competencia exclusiva en materia de regulación do réxime urbanístico do solo e dos instrumentos de planeamento e xestión urbanística. No resto de materias compartidas respecto ao solo facúltase á Comunidade Autónoma para

Secretaría de Relaciones Institucionais e Reforma do Estatuto - Comisión Executiva Nacional
aprobar normas complementarias da regulación estatal en defensa do interese público.

3. Corresponde a Galicia a competencia exclusiva respecto da ordenación do territorio e da paisaxe, as previsións de equipamentos e infraestructuras, a promoción do equilibrio territorial e a protección ambiental.

4. Corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre a ordenación do litoral e, no seu caso, competencias compartidas respecto ao dominio público marítimo-terrestre.

5. Corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre a planificación, construción e financiamento das obras públicas no seu ámbito, e competencias compartidas en canto á planificación e construción das obras públicas de carácter estatal.

Artigo 53. Delegación de competencias ás corporacións locais

Facúltase ao Parlamento de Galicia para delegar ás corporacións locais, mediante lei, competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, sen que iso supoña reforma estatutaria aos efectos previstos no Título X.

Artigo 54. Garantía de financiamento de novos servizos

No caso de que unha lei ou plan estatal afecte á organización, xestión ou execución das competencias transferidas, ou cre novos servizos ou formas de actuación, establecerase por parte do Estado a suficiente dotación adicional.

CAPÍTULO TERCEIRO

PARTICIPACIÓN E COORDINACIÓN

Artigo 55. Participación na planificación e organismos estatais

1. A Comunidade Autónoma, de conformidade co disposto no Artigo 131.2 da Constitución, participa na planificación económica do Estado a través dos mecanismos que se establezan e, en todo caso, coa designación de representantes no Consello Económico e Social.

2. Co fin de facer efectivos os principios de coordinación e participación, Galicia participará na planificación e nos organismos estatais que administren ou deseñen políticas xerais ou sectoriais que lle afecten, entre os que se atopan os que realizan as seguintes funcións:

a) planificación e regulación dos recursos hídricos

- b) regulación do sector enerxético
- c) regulación da inmigración
- d) planificación e xestión de infraestruturas, especialmente as relativas ao ferrocarril
- e) planificación e xestión do espazo radioeléctrico
- f) ordenación dos recursos naturais
- g) control, asignación e redución de emisións ou vertidos contaminantes
- h) prestación de servizos de comunicación audiovisual
- i) xestión do dominio público marítimo e terrestre, especialmente no relativo a actuacións do litoral
- k) planificación pública estatal
- l) planificación e coordinación en materia de sanidade e saúde pública
- m) organización e servizos da seguridade social
- n) planificación, construción e reforma dos establecementos penitenciarios establecidos en Galicia
- ñ) prevención de riscos laborais e saúde laboral
- o) determinación do obxecto, alcance e avaliación das subvencións ou axudas estatais
- p) aquelas outras que afecten ao seu marco competencial ou estatutario

3. De forma específica a Comunidade Autónoma de Galicia, no marco que se estableza, designará representantes nos seguintes organismos ou nos que asuman as funcións que actualmente teñen encomendadas:

- a) Órganos de dirección do Banco de España
- b) Comisión Nacional do Mercado de Valores
- c) Comisión do Mercado das Telecomunicacións

- d) Empresas públicas radicadas en Galicia
- e) Tribunal de Contas
- f) Consello Económico e Social
- g) Axencia Tributaria
- h) Comisión Nacional da Enerxía
- i) Axencia de Protección de Datos
- k) Consello de administración de Radio e Televisión Española
- l) Xunta de Seguridade
- m) Tribunal de Defensa da Competencia

4. A Comunidade Autónoma participará, na forma en que se estableza, na designación de maxistrados do Tribunal Constitucional e vocais do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Artigo 56. Participación de Galicia en materia de subvencións e axudas públicas estatais

1. En materias da súa competencia exclusiva, corresponde á Comunidade Autónoma fixar os obxectivos a que se destinan as subvencións e axudas estatais, condicións de outorgamento, xestión, tramitación, concesión e inspección.

2. En materias cuxa competencia corresponde á Comunidade Autónoma no marco da lexislación básica do Estado, compete a Galicia precisar os obxectivos a que se destinan as subvencións e axudas estatais, completando as condicións de outorgamento e xestión, así como a súa tramitación, concesión e inspección.

3. Nas restantes materias, compete á Comunidade Autónoma a xestión das subvencións e axudas estatais, incluíndo tramitación, concesión e inspección.

Artigo 57. Participación na asignación e distribución dos fondos, axudas e subvencións procedentes da Unión Europea

1. En materias da súa competencia, corresponde a Galicia a xestión dos fondos europeos, que inclúe:

a) no ámbito das súas competencias exclusivas, as facultades de decidir o destino daqueles, así como as condicións de concesión, regulación do procedemento de outorgamento, tramitación, pago, control e inspección;

b) en relación coas restantes competencias, como mínimo a regulación do procedemento de outorgamento, tramitación, pago, control e inspección.

2. No caso de que os fondos europeos non poidan territorializarse, a Xunta de Galicia participará, como se determine na Comisión prevista no Artigo seguinte, nos órganos ou no procedemento de distribución, correspondéndolle en todo caso facultades de tramitación, pago, control e inspección.

3. A efectos do previsto nos dous apartados anteriores, unha lei do Parlamento de Galicia regulará a Axencia Galega de Fondos Europeos.

4. A Comunidade Autónoma modulará as subvencións e axudas en función de criterios sociais e territoriais.

Artigo 58. Coordinación co Estado

1. Constitúese unha Comisión Bilateral Estado-Comunidade Autónoma de Galicia como marco de relación estable en canto a participación, información, colaboración e coordinación en materia de competencias.

2. A Comisión Bilateral impulsará a eficacia, o seguimento e a resolución de conflitos en todas as cuestións de interese común.

3. Reunirase polo menos dúas veces ao ano, poderá crear as subcomisións ou comités que considere convenientes e elaborará unha memoria anual que trasladará ao Goberno do Estado e ao Parlamento de Galicia.

4. A cualificación de interese xeral pola regulación estatal de calquera obra, servizo ou adquisición requirirá a participación e informe previo da Comunidade Autónoma de Galicia ou, no seu caso, da Comisión Bilateral prevista neste Artigo. Poderanse establecer mecanismos de xestión directa da Comunidade Autónoma ou compartida respecto de tales obras ou servizos.

TÍTULO III

ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Artigo 59

15/03/06

1. Galicia estrutúrase territorialmente en municipios e comarcas.
2. Garántese a autonomía política e administrativa de municipios e comarcas, de acordo co establecido na Constitución, o Estatuto e a Carta Europea da Autonomía Local.
3. O Estatuto garante o núcleo competencial propio de municipios e comarcas, atribucións que serán exercidas por tales entidades con plena autonomía, con suxeición só aos controis de constitucionalidade e legalidade.
4. Os municipios galegos teñen en todo caso competencias propias nas seguintes materias:
 - a) Planificación, xestión e disciplina urbanística
 - b) Planificación, programación e xestión de vivendas e participación na planificación da vivenda de protección oficial
 - c) Xestión dos servizos sociais comunitarios e especializados así como a participación na planificación e ordenación dos mesmos
 - d) Ordenación e xestión directa dos seguintes servizos básicos: abastecemento de auga e tratamento das augas residuais, alumado público, recollida e tratamento de residuos, limpeza viaria e prevención, extinción de incendios e transporte público de viaxeiros
 - e) Ordenación, xestión e planificación da educación infantil, a xestión compartida do proceso de matriculación nos centros públicos e concertados do termo municipal, o seu aproveitamento e mantemento fóra do horario lectivo, así como a participación do municipio no calendario escolar
 - f) Conservación e mantemento de vías públicas urbanas e rurais
 - g) Planificación e xestión da ordenación da mobilidade e accesibilidade de persoas e vehículos nas vías públicas
 - h) Cooperación con outras administracións públicas para a promoción, defensa e protección do medio ambiente e da saúde pública
 - i) A regulación das condicións de seguridade nas actividades organizadas en espazos públicos e nos lugares de concorrencia pública. A coordinación mediante a Xunta Local de Seguridade dos distintos corpos e forzas presentes no municipio

- j) Cooperación con outras administracións públicas para a promoción, defensa e protección do patrimonio histórico e artístico galego
- k) Regulación das condicións para a defensa de usuarios e consumidores
- l) Promoción do turismo
- m) Promoción da cultura así como planificación e xestión de actividades culturais
- n) Promoción do deporte e xestión de equipamentos deportivos de uso público
- ñ) Cemiterios e servizos funerarios
- o) As restantes materias que con este carácter sexan establecidas polas leis

Artigo 60

A organización territorial de Galicia rexerese polos principios de autonomía, **suficiencia financeira**, responsabilidade, subsidiariedade, coordinación e lealdade institucional.

Artigo 61

1. O municipio é a entidade territorial básica de Galicia. Goza de personalidade xurídica e ten plena capacidade para levar a cabo as actividades e prestar os servizos que sexan de interese para a Comunidade local, sen máis límite que o respecto á lei e ás competencias que correspondan a outras Administracións e non lle foron expresamente delegadas.

2. O goberno e a administración municipal corresponde ao Concello, formado polo Alcalde ou Alcaldesa e os Concelleiros e Concelleiras no seu caso. Os Alcaldes e Alcaldesas son os representantes ordinarios da Comunidade Autónoma nos seus pobos e cidades.

3. Os actos e acordos adoptados polos municipios non poden ser obxecto de control de oportunidade por ningunha outra Administración.

Artigo 62

1. Os municipios dispoñen de plena capacidade de autoorganización dentro do marco das disposicións xerais establecidas por lei en materia de organización e funcionamento municipal.

2. Os municipios teñen dereito a asociarse con outros e a cooperar entre si e con outras entidades públicas para o exercicio das súas competencias, así como para cumprir

3. Os municipios teñen potestade normativa no ámbito das súas competencias.

Artigo 63

1. A comarca é unha entidade local con personalidade xurídica propia, determinada pola agrupación voluntaria de municipios limítrofes con características xeográficas, económicas, sociais e históricas afíns.

2. A comarca é o ámbito territorial específico do goberno intermunicipal e de cooperación local. Correspóndelle a xestión de competencias e servizos intermunicipais, e dos que lles encomenden os respectivos concellos ou delegue a Comunidade Autónoma.

3. Por lei do Parlamento de Galicia regularase a creación das comarcas, que requirirá en todo caso o acordo dos Concellos interesados, así como os seus órganos de goberno, nos que necesariamente estarán representados todos os Concellos implicados.

Artigo 64

1. No marco do disposto na Constitución e neste Estatuto, unha lei regulará o réxime local en Galicia.

2. A devandita lei articulará e coordinará o reparto de competencias entre Comunidade Autónoma, comarcas e concellos baixo os principios de subsidiariedade, suficiencia financeira e solidariedade interterritorial. Para garantir estes principios, a lei creará un Fondo de Cooperación Municipal.

3. A Xunta de Galicia, de acordo cos concellos galegos, impulsará e acordará o **Pacto Local**, como instrumento permanente de diálogo e colaboración institucional, no que, entre outros asuntos, acordaranse as competencias propias da Comunidade que serán transferidas aos municipios galegos.

TÍTULO IV

ORGANIZACIÓN INSTITUCIONAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Artigo 65

Os poderes públicos da Comunidade Autónoma son a Xunta de Galicia, como poder executivo, e o Parlamento de Galicia, como poder lexislativo; o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia representa ao poder xudicial en Galicia.

CAPITULO PRIMEIRO

O PARLAMENTO DE GALICIA

Artigo 66

1. O Parlamento de Galicia representa ao pobo galego.
2. O Parlamento de Galicia é inviolable.

Artigo 67

1. O Parlamento estará composto por un mínimo de 75 deputados e un máximo de 100 Deputados, elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto. Os membros do Parlamento representan a toda Galicia e non están suxeitos a mandato imperativo.

2. O Parlamento é elixido por catro anos; as eleccións galegas non coincidirán con outros procesos electorais. O mandato dos Deputados termina catro anos despois da súa elección ou o día de disolución da Cámara. **En ambos** casos, o mandato dos Deputados que integren a Deputación permanente prorrogarase ata a constitución da nova cámara.

3. Os Deputados gozarán, aínda despois de cesar no seu mandato, de inviolabilidade polas opinións manifestadas en actos parlamentarios e polos votos emitidos no exercicio do seu cargo.

Durante o seu mandato non poderán ser detidos nin retidos polos actos delictuosos cometidos no territorio de Galicia, senón en caso de flagrante delicto, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Fóra de devandito territorio, a responsabilidade penal será esixible, nos mesmos termos, perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

4. Igualmente, gozarán de aforamento en materia de responsabilidade civil por actos cometidos e opinións emitidas no exercicio do seu cargo. Fóra do territorio de Galicia a responsabilidade civil será esixible ante a Sala do Civil do Tribunal Supremo.

Artigo 68

1. O Parlamento goza de plena autonomía regulamentaria, orzamentaria e administrativa.
2. O Parlamento dotarase do seu propio Regulamento, cuxa aprobación e reforma requirirán o voto da maioría absoluta dos Deputados.
3. O Regulamento do Parlamento establecerá o Estatuto do Deputado.

4. O Parlamento elabora e aproba o seu Orzamento e, nos termos que establezan as súas propias disposicións, posúe facultades plenas para a modificacións, execución, liquidación e control do mesmo.

Artigo 69

1. O Parlamento elixirá de entre os seus membros ao Presidente, a Mesa e a Deputación Permanente. Sempre ocupará a Presidencia un Deputado non pertencente á forza ou forzas políticas que sustenten ao Goberno.

2. O Parlamento funcionará en Pleno e Comisións. O Pleno poderá delegar nas Comisións lexislativas a aprobación de proxectos e proposicións de lei, establecendo no seu caso os criterios pertinentes. O Pleno poderá demandar en calquera momento o debate e votación dos proxectos ou proposicións de lei que sexan obxecto desta delegación. Corresponde en todo caso ao Pleno a aprobación das leis de contido orzamentario e tributario e de todas as que requiran unha maioría cualificada de acordo co presente Estatuto.

3. O Parlamento reunirase en sesións ordinarias e extraordinarias. Os períodos ordinarios serán dous por ano e durarán un total de nove meses como mínimo. O primeiro iniciarase en setembro e o segundo en febreiro. As sesións extraordinarias haberán de ser convocadas polo seu Presidente, previa aprobación da orde do día pola Deputación Permanente, a petición desta, dunha cuarta parte dos Deputados ou do número de Grupos Parlamentarios que o Regulamento determine, así como a petición do Presidente da Xunta ou do Consello da Xunta.

4. O Regulamento do Parlamento determinará o procedemento de elección do seu Presidente; a composición e funcións da Mesa e da deputación Permanente; as relacións entre Parlamento e Consello da Xunta; o número mínimo de Deputados para a formación dos Grupos Parlamentarios; o procedemento lexislativo; as funcións da Xunta de Portavoces e o procedemento de elección dos Senadores representantes da Comunidade Autónoma. Os Grupos Parlamentarios participarán na Deputación Permanente e en todas as Comisións en proporción aos seus membros.

Artigo 70

1. A circunscrición electoral única é Galicia.

2. A elección verificarase atendendo a criterios de representación proporcional.

3. As eleccións terán lugar entre os trinta e sesenta días posteriores á expiración do mandato. Os Deputados electos deberán ser convocados para a sesión constitutiva do Parlamento dentro dos vinte e cinco días seguintes á celebración das eleccións.

4. Serán electores e elixibles todos os galegos maiores de dezaioito anos que estean en pleno goce dos seus dereitos políticos. A Comunidade Autónoma facilitará o

Secretaría de Relaciones Institucionais e Reforma do Estatuto - Comisión Executiva Nacional
exercicio do dereito de voto aos galegos que se atopen fóra de Galicia.

Artigo 71

1. A lei electoral, que requirirá maioría absoluta para a súa aprobación, regulará a convocatoria de eleccións, o procedemento electoral, o sistema electoral e a fórmula de atribución de escanos, as causas de inelixibilidade e incompatibilidade para as eleccións ao Parlamento de Galicia, así como as subvencións e gastos electorais e o control dos mesmos.

2. Devandita lei regulará tamén a obrigaón dos medios de comunicación de titularidade pública de organizar debates electorais e responder a criterios de equidade.

Artigo 72

Corresponde ao Parlamento de Galicia:

1. O exercicio da potestade lexislativa propia da Comunidade Autónoma, así como o das facultades normativas atribuídas á mesma, no seu caso, de acordo cos apartados 1 e 2 do Artigo 150 da Constitución.

2. O exercicio da potestade lexislativa para o desenvolvemento, no seu caso, das leis estatais.

3. O control e impulso da acción do Consello de Goberno.

4. A aprobación dos Orzamentos.

5. A aprobación dos Plans Económicos.

6. A ordenación básica dos órganos e servizos da Comunidade Autónoma.

7. O control dos medios de comunicación social dependentes da Comunidade Autónoma.

8. O control das empresas públicas galegas.

9. A potestade de establecer e esixir tributos.

10. A autorización ao Goberno para contraer créditos.

11. A elección do Presidente ou Presidenta da Xunta.

12. A apreciación, no seu caso, da incapacidade do Presidente ou Presidenta.

13. A presentación de proposicións de lei ao Congreso dos Deputados nos termos

14. O recurso de inconstitucionalidade fronte a disposicións normativas con forza de lei que poidan afectar ao ámbito propio de autonomía da Comunidade.

15. A designación dos Senadores que correspondan á Comunidade Autónoma, de acordo co Artigo 69. 5 da Constitución. Os Senadores poderán non ser parlamentarios autonómicos, sendo propostos polos grupos políticos. O seu mandato estará vinculado á duración da lexislatura galega.

16. A elección dos Conselleiros e Conselleiras do Tribunal de Contas, dos membros do Consello Audiovisual e dos membros do Consello de Administración da Empresa Pública da RadioTelevisión de Galicia, así como do seu Director Xeral.

17. Solicitar ao Estado a transferencia ou delegación de competencias, e a atribución de facultades no marco do Artigo 150 da Constitución.

18. As restantes que se deriven deste Estatuto e as leis.

CAPÍTULO SEGUNDO

ELABORACIÓN DAS NORMAS

Artigo 73

1. O Parlamento exerce a potestade lexislativa mediante a elaboración e aprobación das leis.

2. As leis de Galicia serán promulgadas en nome da Xefatura do Estado, polo Presidente da Xunta, o cal ordenará a publicación das mesmas no Boletín Oficial de Galicia no prazo de quince días desde a súa aprobación, así como no Boletín Oficial do Estado. A efectos da súa vixencia rexerá a data de publicación no Boletín Oficial da Xunta de Galicia.

Artigo 74

1. A iniciativa lexislativa corresponde aos Deputados, nos termos previstos no Regulamento do Parlamento, e ao Consello da Xunta.

2. Unha lei do Parlamento Galego, no marco da Lei Orgánica previsto no Artigo 87. 3 da Constitución, regulará tanto o exercicio da iniciativa lexislativa dos Concellos como a Iniciativa Lexislativa Popular.

3. A lei regulará a participación popular mediante referendo, para asuntos de especial importancia para a Comunidade Autónoma.

Artigo 75

Corresponde ao Consello da Xunta de Galicia a elaboración de regulamentos xerais das leis da Comunidade Autónoma.

Artigo 76

No procedemento de elaboración das leis e disposicións regulamentarias da Comunidade Autónoma terase en conta o impacto por razón de xénero do contido das mesmas.

Artigo 77

1. Todas as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma no presente Estatuto enténdense referidas ao ámbito territorial galego.

2. No exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia corresponden ao Parlamento a potestade lexislativa e ao Consello da Xunta a potestade regulamentaria e a función executiva, nos termos do presente Estatuto.

3. Naquelas materias onde a competencia da Comunidade consista no desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado, compete ao Consello de Goberno a potestade regulamentaria, así como a administración e inspección.

4. Nas materias en que a Comunidade Autónoma só teña competencias de execución, corresponde ao Consello da Xunta a administración e a execución, así como, no seu caso, a facultade de dictar regulamentos internos de organización dos servizos correspondentes, de conformidade coas normas regulamentarias de carácter xeral que, en desenvolvemento da súa lexislación, dicte o Estado.

Artigo 78

1. O control de constitucionalidade das disposicións normativas da Comunidade Autónoma con forza de lei corresponde exclusivamente ao Tribunal Constitucional.

2. O recurso de inconstitucionalidade fronte a disposicións normativas con forza de lei que poidan afectar ao ámbito propio de autonomía da Comunidade, poderá interpoñelo o Consello da Xunta e, no seu caso, o Parlamento.

CAPÍTULO TERCEIRO

A PRESIDENCIA DA XUNTA E O CONSELLO DA XUNTA

Artigo 79

1. O Presidente ou Presidenta da Xunta dirixe e coordina a actividade do Consello de Xunta, coordina a administración da Comunidade Autónoma, designa e separa aos Conselleiros e ostenta a suprema representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia.

2. A Presidencia poderá delegar temporalmente funcións executivas propias nun dos Conselleiros.

3. A Presidencia é responsable politicamente ante o Parlamento.

Artigo 80

1. A Presidencia da Xunta elixirase de entre os seus membros polo Parlamento. Non poderá ocupar o cargo máis de dous mandatos consecutivos.

2. A Presidencia do Parlamento, previa consulta aos Portavoces designados polos Partidos ou Grupos Políticos con representación parlamentaria, propoñerá un candidato ou candidata á Presidencia da Xunta.

3. O candidato ou candidata presentará o seu programa ao Parlamento. Para ser elixido, o candidato ou candidata deberá, en primeira votación, obter maioría absoluta. De non obtela, procederase a unha nova votación corenta e oito horas logo da anterior, e a confianza entenderase outorgada se obtivese maioría simple na segunda votación.

Caso de non conseguirse dita maioría tramitaranse sucesivas propostas na forma prevista anteriormente. Se transcorrido o prazo de dous meses a partir da primeira votación ningún candidato obtivese a maioría simple, o Parlamento quedará automaticamente disoluto e o Presidente ou Presidenta da Xunta en funcións convocará novas eleccións.

4. Unha vez elixido, o Presidente ou Presidenta será nomeado pola Xefatura do Estado e procederá a designar os membros do Consello da Xunta e a distribuír entre eles as correspondentes funcións executivas.

Artigo 81

1. O Consello da Xunta de Galicia é o órgano colexiado que ostenta a dirección política e exerce as funcións executivas e administrativas da Xunta de Galicia.

2. O Consello da Xunta está integrado polo Presidente ou Presidenta e os Conselleiros e Conselleiras.

Artigo 82

O Consello da Xunta cesa trala celebración de eleccións ao Parlamento, e nos casos de perda dunha cuestión de confianza ou aprobación dunha moción de censura, dimisión, incapacidade ou falecemento do Presidente ou Presidenta. O Consello de Goberno cesante continuará en funcións ata a toma de posesión do novo Consello da Xunta.

Artigo 83

1. O réxime xurídico e administrativo do Consello da Xunta e o Estatuto dos seus membros será regulado por lei do Parlamento Galego, que determinará as causas de incompatibilidade daqueles. O Presidente ou Presidenta e os Conselleiros e Conselleiras non poderán exercer actividade laboral, profesional ou empresarial algunha.

2. Os Conselleiros e Conselleiras son directamente responsables da súa xestión.

Artigo 84

1. O Consello da Xunta, por conducto do seu Presidente ou Presidenta, poderá suscitar conflitos de xurisdicción aos xuíces e tribunais conforme ás leis reguladoras daqueles.

2. Igualmente poderá o Consello da Xunta exercer a potestade expropiadora conforme á lexislación estatal e autonómica vixente na materia.

Artigo 85

1. A responsabilidade penal do Presidente ou Presidenta da Xunta e dos Conselleiros e Conselleiras será esixible perante a Sala do Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

2. Ante o mesmo Tribunal será esixible a responsabilidade civil na que ditas persoas houberen incorrido con ocasión do exercicio dos seus cargos.

CAPÍTULO CUARTO

A ADMINISTRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

Artigo 86

1. A Administración da Xunta de Galicia serve con obxectividade ao interese xeral e actúa de acordo cos principios de eficacia, eficiencia, racionalidade organizativa,

xerarquía, simplificación de procedementos, desconcentración, coordinación, imparcialidade, transparencia, lealdade institucional, boa fe, protección da confianza lexítima, non discriminación e proximidade aos cidadáns, con suxeición á Constitución, ao Estatuto e ao resto do ordenamento xurídico.

2. A fin de simplificar a tramitación administrativa, regularase o portelo único da Administración da Xunta de Galicia.

3. A Administración da Xunta de Galicia desenvolverá a xestión ordinaria das súas actividades a través dos seus servizos centrais e periféricos.

4. Todos os órganos encargados da prestación de servizos ou da xestión de competencias e atribucións da Comunidade Autónoma dependen desta e intégranse na súa Administración.

Artigo 87

Por lei da Comunidade Autónoma regularase:

a) O estatuto do funcionariado público da Administración da Xunta de Galicia e o acceso á función pública de acordo cos principios de mérito e capacidade.

b) A participación da cidadanía, directamente ou a través das asociacións e organizacións nas que se integren, nos procedementos administrativos ou de elaboración de disposicións que lles poidan afectar.

c) O acceso da cidadanía aos arquivos e rexistros da Administración da Xunta de Galicia, sen menoscabo das garantías constitucionais e estatutarias, poñendo a disposición dos mesmos os medios tecnolóxicos necesarios para iso.

d) A presenza equilibrada de homes e mulleres en todos os ámbitos de toma de decisións da Administración da Xunta de Galicia.

e) A organización e funcionamento dun sistema de avaliación da calidade dos servizos e das políticas públicas.

Artigo 88

A Administración da Xunta de Galicia fará pública a oferta e características de prestación dos servizos a través dos correspondentes catálogos de servizos.

Artigo 89

A Comunidade Autónoma indemnizará aos particulares por toda lesión que sufran nos seus bens ou dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos da mesma.

Artigo 90

1. O Consello Consultivo de Galicia é o superior órgano consultivo do Consello de Xunta e da Administración da Xunta de Galicia, incluídos os Organismos e Entes suxeitos a Dereito Público da Xunta de Galicia.

Así mesmo, é o supremo órgano de asesoramento das Entidades Locais e dos Organismos e Entes de Dereito Público delas dependentes. Tamén o é das Universidades Públicas galegas e das demais Entidades e Corporacións de Dereito Público non integradas na Administración da Xunta de Galicia, cando as leis sectoriais así o prescriban.

2. O Consello Consultivo exercerá as súas funcións con autonomía orgánica e funcional. Unha lei do Parlamento regulará a súa composición, competencia e funcionamento.

CAPÍTULO QUINTO

DAS RELACIÓNS ENTRE O PARLAMENTO E O CONSELLO DA XUNTA

Artigo 91

O Presidente ou Presidenta da Xunta, previa deliberación do Consello de Goberno, pode suscitar ante o Parlamento a cuestión de confianza sobre o seu programa ou sobre unha declaración de política xeral. A confianza entenderase outorgada cando vote a favor da mesma a maioría simple dos Deputados e Deputadas.

Artigo 92

O Parlamento pode esixir a responsabilidade política do Presidente ou Presidenta, ou do Consello da Xunta mediante a adopción por maioría absoluta da moción de censura. Esta será proposta, polo menos, por unha cuarta parte dos parlamentarios e incluírá un candidato ou candidata á Presidencia da Xunta. A moción de censura non poderá ser votada ata que transcorran cinco días desde a súa presentación. Se a moción de censura non fose aprobada polo Parlamento, os seus signatarios non poderán presentar outra durante o mesmo período de sesións.

Artigo 93

1. Se o Parlamento negase a súa confianza, o Presidente ou Presidenta da Xunta presentará a súa dimisión ante o Parlamento, cuxa Presidencia convocará, no prazo máximo de quince días, a sesión plenaria para a elección da nova Presidencia da Xunta, de acordo co procedemento do Artigo 37.

2. Se o Parlamento adoptase unha moción de censura, o Presidente ou Presidenta da Xunta presentará a súa dimisión ante o Parlamento e a candidatura incluída naquela entenderase investido da confianza da Cámara. A Xefatura do Estado nomeará ao Presidente ou Presidenta da Xunta.

Artigo 94

1. O Presidente ou Presidenta da Xunta, previa deliberación do Consello de Goberno e baixo a súa exclusiva responsabilidade, poderá disolver o Parlamento. O decreto de disolución fixará a data das eleccións.

2. A disolución non poderá ter lugar cando estea en trámite unha moción de censura.

3. Non procederá nova disolución antes de que transcorra un ano desde a anterior, salvo o disposto no Artigo IV.16, apartado 3).

TÍTULO V

O PODER XUDICIAL

Artigo 95

1. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia culmina a organización xudicial no ámbito da Comunidade Autónoma.

2. A súa competencia esténdese:

a) No civil e social, ás sucesivas instancias ou grados que poidan establecerse, incluída a función de casación, coa única excepción dos recursos que, para garantir a unidade de doutrina, poidan dispoñerse ante o Tribunal Supremo.

b) No contencioso-administrativo, cando se trate de actos da Administración do Estado ou da aplicación das normas estatais, ás mesmas materias sinaladas na letra anterior.

c) No contencioso-administrativo, cando se trate de actos ou disposicións xerais da Comunidade Autónoma ou da aplicación de normas galegas, ás sucesivas instancias ou grados que poidan establecerse, incluídas a casación e a unificación de doutrina.

d) No penal a todas as instancias, excepto a casación.

3. Corresponde ao Tribunal Superior de Xustiza a resolución dos recursos extraordinarios de revisión que autorice a lei contra as resolucións firmes dictadas polos órganos xudiciais de Galicia.

Artigo 96

En todo caso, corresponde ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia:

- a) Coñecer das responsabilidades que se indican nos Artigos IV.3 e IV.21 deste Estatuto.
- b) Entender dos recursos relacionados cos procesos electorais da Comunidade Autónoma.
- c) Resolver os conflitos de xurisdicción entre órganos da Comunidade.
- d) Resolver as cuestións de competencia entre órganos xudiciais de Galicia.
- e) Resolver os conflitos de atribucións entre Corporacións Locais.

Artigo 97

Corresponde á Comunidade Autónoma propoñer a demarcación xudicial no seu territorio.

Artigo 98

1. O Presidente ou Presidenta do Tribunal Superior de Xustiza é o representante ordinario do poder xudicial en Galicia. É nomeado a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, a partir dunha terna presentada polo Consello de Xustiza de Galicia entre maxistrados cun mínimo de quince anos de exercicio, dos que cinco deben ser na Comunidade Autónoma.

2. Os Presidentes e Presidentas de Sala do Tribunal Superior de Xustiza son nomeados a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, a partir das correspondentes ternas presentadas polo Consello de Xustiza de Galicia.

3. A memoria anual do Tribunal Superior de Xustiza será presentada, polo seu Presidente ou Presidenta, ante o Parlamento de Galicia.

Artigo 99

1. A Fiscalía Superior é a Fiscalía Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e representa ao Ministerio Fiscal na Comunidade Autónoma.

2. É designada polo Goberno a partir dunha terna proposta pola Xunta de Galicia, oídos o Parlamento e o Consello de Xustiza.

